

ACTA DA SESIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO DO DÍA 28 DE XUÑO DE 2016

Ás 9.30 h, en segunda convocatoria, na sala do Consello de Goberno da Reitoría, comeza a sesión ordinaria do Consello de Goberno que preside o Reitor Magnífico D. Julio Abalde Alonso, de acordo coa orde do día que figura no anexo I e coas persoas asistentes que se relacionan no anexo II. Escusan a súa ausencia o vicerreitor de Política Científica, Investigación e Transferencia, Salvador Naya Fernández; a vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social, Araceli Torres Miño e a profesora Fernanda Miguélez.

Tras a comprobación do quórum legal necesario para realizar a sesión, o reitor abre esta e dá paso ao primeiro punto da orde do día.

1. Informe do reitor

Logo de informar da incorporación ao Consello do profesor Pedro Nogueira López en substitución de Nuria Varela Feal, da renuncia de Emilia García Arthús como adxunta da VEIS e de felicitar o profesor Casteleiro polo premio recibido en recoñecemento á súa carreira investigadora, o reitor deu conta da reunión do Consello Galego de Universidades, realizada o 8 de xuño de 2016, en que se informou favorablemente o proxecto de Decreto que conxela as taxas académicas para o curso 2016-2017; tamén se informaron positivamente todas as propostas da UDC para a implantación de novos títulos no curso 2016-2017 e se debateu acerca da viabilidade do grao en Humanidades e do grao en Documentación e Información, e ambos os dous recibiron o informe favorable do Consello. De resto, indicou que o conselleiro de Educación pediu que as Universidades homoxeneizasen o máximo posible os seus calendarios académicos, para o que se creou unha comisión.

Informou tamén da realización da asemblea da CRUE o día 23 de xuño, que avaliou diversas propostas de implantación de graos de tres anos. Lembrou, neste sentido, que a CRUE decidira non aceptar ningunha proposta de creación de novos graos de 3+2 que se correspondan con títulos xa existentes. A CRUE houbo de decidir sobre 11 propostas de titulacións que non estaban nin no RUCT nin no catálogo pre-Boloña, malia se tratar na maioría dos casos de simples mudanzas de denominación de títulos xa existentes. Logo dun intenso debate –en que a maioría das universidades públicas indicou que a moratoria remata no curso 2016-2017 e que, por conseguinte, non procedía aprobar ningunha das propostas formuladas, maioritariamente por universidades privadas– o asunto foi retirado finalmente da orde do día. Lembrou que no caso

de Cataluña, a diferenza estriba en que máis que un 3+2 é un 3+1+1 (xa que o primeiro ano do mestrado sería a prezo de grao, co fin de amolecer o impacto económico sobre os estudantes).

O reitor fixo partícipe o Consello da posta en marcha do Campus Industrial de Ferrol (a partir de agora, CIF), que contará para o curso 2016-2017 cun financiamento específico. Lembrou que o CIF xa conta coa súa propia estrutura de gobernanza, integrada por unha oficina técnica e unha dirección para a que foi nomeado o profesor Ginés Nicolás Costa da EPS.

Finalmente, antes de dar a palabra ás vicerreitorías, indicou que se van ditar novas normas de filiación –isto é, de como debe figurar o nome da UDC nas publicacións científicas– co fin de facer que toda a produción científica do PDI poida aparecer nas buscas, asegurando deste xeito o correspondente impacto no cálculo de indicadores.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente informou dos asuntos seguintes:

- Que o día 2 de xuño de 2016 se autorizou a suspensión de contrato por incompatibilidade dun profesor colaborador da Área de Enfermaría. A duración da suspensión será do 31/05/2016 ao 31/05/2020.
- Que o día 6 de xuño de 2016 se autorizou a prórroga da suspensión por incompatibilidade dunha profesora axudante da Área de Arquitectura e Tecnoloxía de Computadores. A duración da suspensión será dun ano.
- Que o día 20 de xuño de 2016 se autorizouse a prórroga da suspensión de contrato por incompatibilidade dunha profesora contratada doutora da Área de Comunicación Audiovisual e Publicidade. A duración da suspensión será dun ano.
- Que os días 6 e 7 de xuño de 2016 se autorizou a transformación en fixos de dous contratos de colaboradores tras recibir o informe favorable da ACSUG (áreas de Enxeñaría dos Procesos de Fabricación e Enfermaría).
- Que o día 6 de xuño de 2016, por resolución reitoral, se prorroga a licenza sen soldo por un ano máis dun catedrático da Área de Enxeñaría Telemática, segundo o establecido no art. 86.4 dos Estatutos (duración máxima desta licenza).
- Que o día 8 de xuño de 2016 se autorizou a contratación dunha lectora de portugués para o curso 2016/17 en aplicación do convenio co Instituto da Cooperaç o e da Lingua (Cam es, IP) do 4 de xuño de 2004.
- Que o día 13 de xuño de 2016 se autorizou a prórroga dun mes, até o 30 de setembro de 2016, dun profesor asociado que se xubilará nesa data da Área de Enxeñaría da Construción, motivada pola necesidade de avaliar



- o alumnado da ETS de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos na convocatoria de setembro.
- Que o día 22 de xuño de 2016 se remitiu por correo electrónico a todos os departamentos que solicitaron participar no programa de promoción de prazas de axudante doutores o resultado da selección. Incorporouse na documentación deste Consello de Goberno o resultado da selección. En relación co programa para a promoción de interinos a tempo parcial, a COAP acordou propoñer a totalidade de promocións que se solicitaron e que cumprían os requisitos, en total son 6 prazas as que cumpren todos os criterios (o programa de promoción limitaba a cinco o número de promocións).
 - Que o día 21 de xuño de 2016 se recibiu a resolución da avaliación da actividade investigadora (sexenios) correspondente á convocatoria de decembro de 2015. Foron avaliados positivamente 53 tramos do profesorado dos corpos docentes (funcionarios). Do profesorado contratado permanente e profesores/as do INEF, 37 tramos foron informados favorablemente, 9 tramos foron informados desfavorablemente e 2 tramos non foron avaliados por renuncia ou por non ter dereito á avaliación.
 - Que se realizou unha reunión da Comisión Mixta SERGAS-UDC en que se aprobou a convocatoria de 2 prazas de PACS no Departamento de Medicina

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** informou de que, nos vindeiros días, se publicarán os resultados da V Convocatoria do programa Docencia. Tamén de que o día 6 de xuño se remitiu a resolución definitiva da Comisión Interna da Universidade (CIU) sobre a actividade docente do profesorado e o informe emitido polo Comité de Avaliación Docente sobre as reclamacións presentadas á resolución provisional da CIU. E de que se constituíu un grupo de traballo das tres universidades co propósito de introducir algunha mellora na xestión e no seguimento dos mestrados interuniversitarios. Deu tamén conta de que o día 22 de xuño se reuniu a comisión coordinadora dos proxectos de Aprendizaxe Servizo para emitir unha valoración conxunta das propostas revisadas. A partir do 26 de xuño e até o día 28 de xullo, terá lugar o proceso de redacción e envío de informes ao PDI participante cos resultados da valoración da comisión.

A **vice-reitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria**, pola súa parte, informou de que en, cumprimento do requirimento do MECD ao presidente do Consello Social da UDC, se fixo pública hoxe a listaxe da

distribución das bolsas-colaboración nos departamentos para o curso 2016/2017, que corresponde á convocatoria de próxima aparición; co obxecto de que as persoas solicitantes coñezan os departamentos en que se ofertan as bolsas. Tamén deu conta da publicación da Convocatoria de 118 bolsas de colaboración para a formación complementaria do estudiantado na UDC, para o curso 2016/2017 e da Convocatoria de prazas para o estudiantado da UDC na Residencia Pública de Ferrol, para o curso 2016-2017. Á UDC correspóndenlle 29 bolsas no curso 2016-2017. Finalmente, informou de que nun contorno de incerteza acerca da configuración definitiva da proba de avaliación final de bacharelato, os tres vicerreitores e os delegados das universidades da CIUG están a traballar nos criterios de admisión.

O **xerente** informou dos asuntos que a seguir se relacionan:

- Con relación á OPE 2016 de PAS, e tras o informado no pasado Consello de Goberno do 31 de maio, convocouse nova Mesa negociadora para tratar de chegar a un acordo; tras esta reunión e a mantida na Reitoría o 14 de xuño actual, a Xerencia remitiu á Xunta de Persoal de PAS unha nova proposta, que se instrumentaría mediante addenda ao Acordo de promoción profesional do 20/11/2015. Nesta proposta recollíase o compromiso de ofertar na quenda libre de cada OEP do período 2016-2020 un máximo do 25% das prazas para os subgrupos A1 e A2, tanto das escalas xerais como das especiais, quedando ademais modificada a OEP de 2016 en 3 prazas C1 da escala administrativa e 1 praza A2 de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos.
- Con data 27 de xuño recibíuse a comunicación da Xunta de Persoal rexeitando esta última proposta, aínda que as organizacións sindicais de CCOO e UGT comunicaron non secundar este rexeitamento, polo que procede continuar a tramitación desta OEP para a súa aprobación, de proceder, no vindeiro Consello de Goberno. Urxe xa esta aprobación co obxecto de poder convocar os procesos previstos de promoción interna cos calendarios acordados na propia mesa negociadora.
- Cómpre tamén dar conta da Resolución da Xerencia do 2 de xuño actual pola que se regula a procedemento para a cobertura temporal de postos de traballo de PAS que, en substitución da ditada o 15/07/2011, outorga un tratamento homoxéneo para todos os postos de traballo, unha vez rematados os procesos de funcionarización e articula medidas de mellora de emprego na cobertura temporal de postos.
- Informa tamén do cesamento con data 10/06/2016, da persoa titular da Vicexerencia do Campus de Ferrol, María José Brión Sobrido.



- Finalmente, dá conta do acordo publicado no DOG núm. 108 do 8 de xuño entre a Xunta de Galicia e as organizacións sindicais CCOO, CSIF e UGT para a extensión do dereito a percibir o concepto retributivo adicional do artigo 12.3 da Lei 14/2006 na parte proporcional á prestación de servizos do 1 de xaneiro ao 28 de febreiro de 2013, de aplicación tamén ao persoal das universidades galegas.

2. Aprobación, se proceder, do borrador da acta da sesión ordinaria do 31 de maio de 2016

A acta é aprobada por asentimento.

3. Contratos e convenios

O **secretario xeral** informou da subscrición, desde o último Consello de Goberno, de 5 convenios marco, 12 específicos e 57 de prácticas, segundo figuran no **anexo III**.

4. Cobertura de vacantes nas comisións delegadas do Consello de Goberno

Aprobouse por asentimento que a profesora **Sonia Souto** se integre na Comisión de Investigación e que o profesor **Pedro Nogueira** pase a facer parte da Comisión de Extensión Universitaria.

5. Norma que regula o réxime de dedicación ao estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña

Logo de advertir o **reitor** que, de ser o caso, o que fará o Consello será aprobar unha proposta, xa que a aprobación definitiva das normas de permanencia é competencia do Consello Social, a vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente presenta a proposta indicando que a refundición das normas de permanencia e dedicación ao estudo responde á necesidade de resolver certas disfuncións advertidas –entre elas eliminar trabas á xestión de convenios de prácticas – e de achegar a UDC á normativa en vigor noutras Universidades do SUG.

Comeza o debate coa intervención de **Nona Inés Vilariño**, que quer deixar constancia de que se vai abster neste punto por entender que o asunto é competencia do Consello Social que ela representa no Consello.

O profesor **Pedro Nogueira** advirte de varios fallos que hai que corrixir: na páxina 3, art. 2.b), no relativo á cuantificación de créditos para o estudantado a tempo completo («número superior a ...») e no art. 3, que el considera contradictorio co art. 6.c). Manifesta, de resto, a súa preocupación porque se

fixe un número inferior a 24 créditos para a matrícula. Considera que hai moitos estudantes que, para compatibilizaren estudo e traballo, achan que 24 créditos é un número excesivo. Propón, en consecuencia, rebaxalo.

Ana Barxa, representante do alumnado, anuncia o seu voto en contra porque, ao seu xuízo, esta normativa non debería existir, malia recoñecer que a Universidade está obrigada a adoptala.

A profesora **Susana Ladra** expresa o seu temor a que, ao comezar a normativa a se aplicar xa no curso 2016-2017, poida supor que alumnado que forme parte dun mesmo grupo estea, no entanto, suxeito a réximes diferentes.

O decano da facultade de Ciencias, profesor **Moisés Canle**, expresa a súa estrañeza porque non se discute a proposta na Comisión de Plan de Estudos. Expressa a súa confianza de que así aconteza no futuro con eventuais reformas da norma. Por outra parte, propón elevar o limiar mínimo de 12 e 18 créditos para o alumnado de primeiro curso de grao e mestrado, respectivamente, dada a limitación de prazas nos centros. Solicita, en síntese, unha reconsideración da proposta co fin de lograr unha normativa máis ambiciosa.

A seguir, toma a palabra o **reitor** para lembrar que estes limiares mínimos xa existían con anterioridade, coa única excepción do alumnado de mobilidade. A respecto da ambición da proposta, indica que as normas de permanencia deben favorecer a progresión normal dos estudantes, mais atender tamén as situacións excepcionais que se poden presentar. Recorda que o alumnado de primeiro ano ten que aprobar un mínimo de 60 créditos en tres anos. Con efecto, é unha norma obrigatoria mais, sinala, a UDC trata de a establecer do xeito máis favorable para o estudantado. Canto á fixación dun mínimo de 24 créditos para a matrícula a tempo parcial (o equivalente a dúas materias por cuatrimestre), o reitor chamou a atención acerca de que o normal no resto de Universidades do SUG son 30 créditos e que a UDC ten, en comparación con Vigo e Santiago, dous créditos menos matriculados por estudante.

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** engadiu que, co propósito de dar máis facilidades aos estudantes, se fixan tres anos para a superación dos mestrados profesionalizantes.

O **reitor** esclareceu que, ao alumnado matriculado no curso 2015-2016, se lle aplicará a normativa de permanencia vixente no momento de se matricular. Indica que a diferenza da vixente, a proposta establece un cómputo de tempo para avaliar a progresión, eliminando deste xeito o tratamento diferenciado do suspenso e do non presentado. Ademais, sinalou, esta proposta de texto

refundido ten que se integrar coa regulación do aprobado por compensación e do traballo de fin de grao.

O decano da Facultade de Economía e Empresa, o profesor **Anxo Calvo**, toma a palabra para sinalar que estas tres normas que hoxe se traen ao Consello de Goberno van contribuír para mellorar a media de duración dos estudos. Chama a atención sobre os problemas suscitados polos repetidores, cuestionando se é positivo para a UDC permitir que os estudantes se perpetúen e que un grao de catro anos teña unha duración media de seis. Lembra o impacto que a presenza de repetidores ten en asuntos como, por exemplo, o número de estudantes por aula.

O profesor **Luís Hervella**, decano da Facultade de Informática, incidiu na eventual discriminación e nos problemas administrativos que vai supor a aplicación de normativas diferentes ao alumnado. Ao distinguirse entre profesións reguladas e non reguladas, pregunta que vai suceder coa informática, cuestión que o reitor contesta directamente indicando que, a través do Decreto de taxas, a informática vai ser considerada como profesión regulada.

O profesor **Ignasi Colominas**, director da ETS de Enx. de Camiños, Canais e Portos, considerou conveniente establecer unha normativa transitoria para o alumnado de mestrado que, ao se reducir a dous o número de convocatorias, pode ficar fóra da Universidade.

O **reitor** intervén de novo para indicar que fronte a normas anteriores que incentivaban o non presentado, a proposta supón un cambio de modelo ao fixar un limiar mínimo de créditos para superar nun período determinado de tempo. E a respecto da intervención do profesor Colominas, informou da inminente elaboración dunha instrución dirixida aos decanos e directores de centro para que, con carácter excepcional, permitan a eses alumnos continuar os seus estudos de mestrado.

Finalmente, coas abstencións de **Nona Inés Vilariño**, **Moisés Canle** (xustificada na necesidade de que a calidade se asegure a priori para impedir o embolsamento de repetidores, cuestión respondida polo reitor lembrando que alén das normas de permanencia hai moitas outras medidas de garantía de calidade) e o voto en contra de **Ana Barxa**, a proposta foi aprobada, segundo figura no **anexo IV**.

6. Modificación do Regulamento de avaliación por compensación

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** xustifica a proposta de modificación polas queixas formuladas desde algúns centros, o informe do Valedor Universitario (que inclúe un estudo comparativo das normas de 40 universidades, ben como unha proposta de articulación co fin de que a normativa responda á súa inicial condición excepcional).

A seguir, o **profesor Casteleiro** agradece á vice-reitora que por fin se atendesen as súas queixas de modo que, coa nova norma, para aprobar unha materia o alumnado teña, polo menos, que obter unha nota mínima. Mesmo así, acrecentou, a proposta segue sen conter un verdadeiro regulamento por compensación se tomamos en conta o carácter excepcional que estes teñen por regra.

A profesora **Lorenzo Modia**, decana da Facultade de Filoloxía, cuestiona que no art. 2.6 se prevexa unha restrición innecesaria para os alumnos de simultaneidade, que só se poden acoller á compensación nunha única titulación e non nas dúas en que están matriculados.

O profesor **Moisés Canle** insiste no apuntado pola profesora Lorenzo Modia engadindo que non estarían penalizados se organizasen a simultaneidade por eles mesmos, logo dunha solicitude ao reitor. Pide que se teña en conta que xa existen comisións nos centros que poderían realizar o traballo dos tribunais de compensación. Ao seu ver, o regulamento desvirtuouse no momento en que o anterior ministro de Educación decidiu que nas medias dos expedientes os suspensos non computasen (isto é, que non se tivese en conta o número de convocatorias). Se isto non mudase, a normativa anterior podería seguir a aplicarse sen problema.

O profesor **Anxo Calvo** toma a palabra para concordar en que a norma proposta mellora a vixente e considera de interese a proposta da profesora Lorenzo Modia a respecto da simultaneidade.

O **reitor** intervén para esclarecer que a proposta contén un modelo mixto: o xeral, para quen cumpre os requisitos fixados con carácter xeral, e o excepcional, cando así o decidir o tribunal *ad hoc* (e non unha comisión académica) en función das materias afectadas. Neste asunto incide tamén a **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente**, esclarecendo que non se pode prever un tribunal xeral dada a necesidade de se acomodar ás materias en cada caso implicadas. Prosegue o **reitor** para, a respecto da simultaneidade de estudos, xustificar que a solución proposta é a máis razoable. Sinala que, aínda que no cálculo das medias de titulación non se teñan en conta os suspensos, na elaboración da proposta a vice-reitora pediu a

media real das materias para as materias en que se concentran as solicitudes de compensación e, indicou, nelas hai medias de apenas 1,9 puntos! De aí o requisito do 60% da media da última convocatoria.

O profesor **Canle** solicita que a norma explicita que a media da materia se calculará tomando en conta os suspensos. O reitor esclarece que iso xa é así.

Pola súa parte, **Nona Inés Vilariño**, sentíndose confusa a causa do debate, anuncia a súa abstención.

A profesora **Lorenzo Modia** di que o que ela propón é que os estudantes de simultaneidade non resulten discriminados. Nese sentido, suxire que se indique, de ser o caso, que a regra xeral sexa unha compensación por titulación, a non ser que se trate de materias comúns ambas. O reitor manifesta a súa opinión contraria.

O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente, Alberto Valderruten, lembra que o criterio aplicado até agora foi sempre o de que a compensación só se aplica unha vez na vida académica, e que esa é a explicación da proposta para os programas de simultaneidade. A vicerreitora de Oferta Académica coincide con el.

Finalmente, sometida a proposta a votación, foi aprobada coas abstencións da profesora **Inés Pernas** e de **Nona Inés Vilariño**, segundo figura no **anexo V**.

7. Modificación da Normativa reguladora da matrícula e defensa do Traballo de Fin de Grao (TFG) e do Traballo de Fin de Mestrado Universitario (TFM)

A proposta foi presentada pola **vicerreitora de Oferta Académica e Innovación Docente** co argumento de que con esta se trata de homologar o procedemento para os TFG e os TFM.

O profesor **Colominas Ezponda** dálle os parabéns á vicerreitora pola proposta, ao permitir que os alumnos que teñen algunha materia pendente se poidan matricular para a realización do TFG e non teñan que perder un ano.

O profesor **Canle** intervén para puntualizar que, ao seu ver, ninguén que non superase todos os créditos de formación básica debería poder matricularse do TFG.

A profesora **Susana Ladra** solicita que se lles permita aos alumnos de mobilidade que aproben o TFG fóra, aínda que teñan algunha materia pendente, conservar a nota obtida sempre que aproben no curso seguinte todas as materias pendentes.

O **reitor** toma a palabra para indicar que esta posibilidade xa está recoñecida nunha Instrución da VOAID á que se lle dará a oportuna publicidade. Acrecenta que o que persegue a proposta de modificación é que os alumnos con materias pendentes se poidan matricular para o TFG, aínda que para o poder defender teñen que ter todas aprobadas, perdendo a matrícula en caso contrario.

A proposta foi aprobada sen abstención e sen votos en contra segundo figura no **anexo VI**.

8. Novas propostas e renovacións de títulos propios

A **vice-reitora de Oferta Académica e Innovación Docente** presentou como novos títulos propios o Mestrado en Cirurxía Bucal e Implantoloxía (90 créditos); o Curso de Especialización de Detective Privado (80 créditos, impartido polo centro adscrito CENP) que presenta a particularidade de que, de acordo coa Facultade de Dereito e ao abeiro do disposto no art. 16 do RD regulador dos procedementos de revisión das titulacións oficiais de grao, se habilitou unha vía de acceso para maiores de 40 anos sen titulación superior mais con experiencia profesional; o Curso de Ciencias Aplicadas á Arqueoloxía; o Curso de Posgrao de Cooperación ao Desenvolvemento e o Curso de Posgrao en Seguraza Privada (impartido polo CENP).

A unha pregunta formulada pola profesora **Inés Pernas**, a **vice-reitora** esclareceu que a matrícula nestes cursos é gratuíta para as persoas en paro.

A proposta que figura como **anexo VII** resultou aprobada por unanimidade.

9. Proposta de modificación da Oferta de emprego público de PDI do ano 2016 e dos criterios para a súa execución

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informou da posibilidade de convocar dúas prazas debido á xubilación de dous PDI. Logo das reunións da mesa sindical e da COAP, ben como de diversas xuntanzas cos colectivos interesados (de axudantes e contratados doutores), propónse convocar dúas prazas de profesorado titular de universidade (TU), que incrementa en novas dúas prazas as de catedrático de universidade (CU) para incluír na OPE.

Os criterios para a determinación das prazas que se van convocar son os xa coñecidos de (a) ano de acreditación como CU, (b) antigüidade como PDI na UDC e (c) só unha praza por área de coñecemento. A convocatoria farase a través do taboleiro electrónico da UDC, após a publicación da OPE no DOG.

Pide a palabra o **profesor Sobrino Heredia** que pregunta se hai algunha xerarquía entre os amentados criterios. O **vice-reitor** contesta que si, que existe unha prelación entre eles, sendo o primeiro o ano de acreditación como CU. O **profesor Casteleiro** indica que a COAP asumiu a necesidade de elaborar uns novos criterios para as prazas que se poidan convocar no futuro. O **profesor Andrés Marcos**, pola súa parte, esclareceu que a mesa sindical apoia a OPE por ela priorizar a estabilización sobre a promoción, engadindo que a solución para as necesidades de promoción do profesorado non virá dada pola OPE, senón pola eliminación das trabas legais aínda vixentes. A este respecto, o reitor toma a palabra para indicar que é por esa razón que as novas prazas de CU se crean á marxe da OPE, ao abrigo do RD de setembro de 2015. Intervén novamente o **profesor Marcos** para acrecentar que, ao excluír os contratados doutores, a Xunta de Galicia aínda vai alén do RD.

Finalmente, tras contestar o **reitor** ao **profesor Sobrino Heredia** que os actuais criterios serán substituídos polos novos que vai elaborar a COAP, a proposta foi aprobada por asentimento segundo figura no **anexo VIII**.

10. Proposta de convocatoria de prazas de PDI laboral contratado curso académico 2016/17

A proposta é presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** que indica que está integrada por 30 prazas en total (18 de contratados interinos de substitución a tempo completo, 10 de asociados e 2 de profesorado asociado de ciencias da saúde) que se suman ás 20 de axudantes doutores (resultado da transformación de contratos de interinaxe de substitución).

A seguir, logo de expresar o **vice-reitor** a docencia que se vai impartir, así como a titulación esixida para concorrer ás prazas convocadas, o **profesor Graña** pregunta cal é «grao equivalente» ao de Enxeñaría Industrial. O **vice-reitor** esclarece que esa referencia foi introducida co fin de abarcar as novas titulacións. O reitor intervén que xa se especifica «*enxeñaría industrial, enxeñaría química ou similares*»), no mesmo sentido intervén tamén o profesor **Canle**.

A proposta que figura como **anexo IX** foi aprobada por unanimidade.

11. Proposta de modificación de dedicación de PDI para o curso académico 2016/17

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** explica a proposta que figura como **anexo X** e que afecta a 35 contratos.

A proposta é aprobada por unanimidade.

12. Proposta de modificación de convocatorias e tribunais de prazas de PDI dos corpos docentes

Presentada polo **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a proposta obedece á necesidade de actualizar os tribunais de dúas prazas de CU convocadas na sesión anterior do Consello de Goberno, dado que foran aprobadas en 2012.

A proposta que figura como **anexo XI** é aprobada por asentimento.

13. Proposta de nomeamentos e renovacións de profesores/as honorarios/as

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** propón 4 novos nomeamentos e 1 renovación, que foron aprobados por asentimento e que figuran con **anexo XII**.

14. Quenda aberta de intervencións

Toma en primeiro lugar a palabra o **profesor Sobrino Heredia** para interesarse, como xa fixera na sesión anterior, polas causas do atraso na resolución das solicitudes de ampliación do elenco de membros do Instituto Universitario de Estudos Europeos. Informa, co lóxico enfado, que levan máis dun ano á espera de poder incorporar vinte novos membros ordinarios e que, polo que atinxe aos asociados e honorarios, moitos deles profesores estranxeiros, a situación é a mesma. Volve demandar a rápida resolución da solicitude.

O **profesor Canle** intervén indicando que, ao seu ver, os centros de investigación da UDC deben estar adscritos a algún centro académico. Xulga necesario que as normas de filiación obriguen a especificar non só o centro de investigación, senón tamén o centro académico. Toma a palabra o reitor para indicar que iso é o que xa se deduce da normativa vixente e que, en calquera caso, o importante é que nas normas de filiación se inclúa a UDC.

A seguir intervén o **profesor Casteleiro** para informar de que as obras do CITEC están a terminar. Alude tamén á CEPREA para lembrar que no Consello de Goberno do 30/06/2015 se discutiu xa un documento sobre esta comisión mais que, agora, para a súa sorpresa, a proposta afecta apenas aos departamentos e non aos centros. Na súa idea, os directores de departamentos deberían ter un papel que vaia alén da formulación de alegacións: deberían, sinala, ter a opción de discutir a proposta. Solicita que os directores de departamento, aínda que sexa sen voto, se poidan incorporarse á CEPREA. O **reitor** toma a palabra para informar de que a próxima semana haberá unha

reunión con todas as directoras e directores de departamento. Lembra que a composición da CEPREA foi acordada polo Consello de Goberno na sesión do 22/06/2015 e que, en todo caso, daquela xa se indicara que os directores de cada centro deberían informar os directores dos departamentos do seu centro. Trátase, indica, dun procedemento complexo que non debería transcender fóra da UDC. Imos tentar, engade, que todos os colectivos poidan intervir antes do resultado final que non ten outro obxectivo máis que a UDC poida competir mellorando os seus resultados de investigación. O **profesor Casteleiro** indica que a súa é unha proposta en positivo que non pretende máis que achegar a experiencia dos directores de departamento.

Toma a palabra despois **Manuela Pinazas** que deu lectura a un documento elaborado pola Xunta de Persoal de PAS de rexeitamento á OPE para 2016. O documento incorpórase á acta como anexo. Aínda sobre este asunto, **Xosé Portela** di que cando o xerente afirma no seu informe que a OPE conta co apoio de dous sindicatos – UGT e CCOO –, estes teñen apenas 2 representantes dos 17 que integran a Xunta de Persoal. Interésase tamén por coñecer as razóns da mudanza no sistema de acceso e promoción do PAS, cando o vixente é o sistema que se acordara con Nova Luce en 2003, tanto para o PAS funcionario como para o laboral, incorporado no art. 18 do Convenio colectivo de 2005, de acordo co cal as vacante non cubertas por promoción interna se acumularán á quenda libre. Pregunta se esta mudanza obedece a unha iniciativa de Nova Luce no seu conxunto ou se é unha iniciativa autónoma do reitor e do xerente.

Toma a palabra o **xerente** para pór de manifesto os esforzos realizados para negociar a OPE. Sinala que, sen entrar na discusión da lexitimidade negociadora das diferentes organizacións sindicais, cando se abre a dous postos o «barrado» na RPT, isto non se fixo co único obxectivo da promoción mais tamén para facilitar –na porcentaxe que for– o acceso libre. Lembra que é necesario fuxir da endogamia e procurar un adecuado equilibrio entre promoción interna e acceso libre. Sinala que na OPE para 2016 apenas se inclúe unha praza A1 de acceso libre fronte a 224 reservadas a promoción interna. Conclúe lembrando que unha das misións da Universidade é, precisamente, a formación de titulados superiores.

Ana Barxa, en representación do alumnado, interésase acerca do estado das negociacións co Concello da Coruña para o convenio de transporte público. Solicita que a UDC elabore unha declaración institucional no día do orgullo LGTBI. Pregunta polas razóns de non se usar o galego no acto de graduación de arquitectura, pedindo unha reflexión ao respecto.



O **profesor Pedro Nogueira**, director da Escola de Arquitectura Técnica, intervén para lembrar que no curso 2016-2017 hai axudantes que rematarán o seu contrato e que, ou ben non solicitaron a acreditación ou ben temen que esta non se lles conceda antes do termo do seu contrato. Pregunta se vai haber algunha solución transitoria para este persoal. Solicita tamén unha ampliación do prazo para a solicitude das bolsas de colaboración, co fin de que estas poidan ser solicitadas polos alumnos de mobilidade que, como é sabido, deben agardar pola incorporación das cualificacións desta convocatoria.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente** informa, respecto aos profesores axudantes, que a súa situación é diferente á dos profesores acreditados a CD. Dado que a praza de axudante mantén a súa vixencia, cabería suspender o contrato ou aínda, estudando caso a caso, ver a posibilidade de lles ofrecer un contrato-ponte. Pola súa parte, a **vice-reitora de Estudantes e Extensión Universitaria** indica que a convocatoria xa se publicou tarde e que a resolución recaerá a finais do mes de xullo. Comprométese a estudar a ampliación e indica que, unha vez que se agardou polo peche das actas da 1ª oportunidade, vai ser moi difícil agardar polo peche das da 2ª. Sobre a cuestión do transporte, di, estase a negociar co Concello.

O profesor **José María Sánchez Santos** pregunta polo prazo medio de pagamento aos fornecedores.

A **profesora Sonia Souto** congratúlase de que haxa vontade de escoitar os directores de departamentos a respecto da CEPREA. Con todo, indica, sería conveniente facer un diagnóstico da situación actual antes de definir criterios. No mesmo sentido intervén o **profesor Daniel Pena**, para lembrar que a proposta de CEPREA aprobada polo Consello de Goberno respondeu a que o foco da comisión se poñía, a esa altura, nos centros. Mais se agora os que resultan directamente afectados son os directores de departamento, son estes quen deben –ben directamente, ben por medio dunha representación adecuada– formar parte da CEPREA. Pide sensibilidade para retomar o asunto desde outro punto de vista.

A **profesora Lorenzo Modia**, a respecto da intervención do profesor Sobrino Heredia, informa de que na Comisión de Investigación do xoves 23 de xuño xa se tratou da incorporación de novos membros aos institutos de investigación.

Toma de novo a palabra **Xosé Portela** para responder ao xerente indicándolle que UGT e CCOO só teñen catro dos 17 membros da Xunta de Persoal do PAS. Lembra que as persoas que concorran ás convocatorias de promoción interna teñen que reunir as mesmas condicións de titulación e coñecementos

que se esixen para a quenda libre. Para el está fóra de lugar falar de endogamia no PAS, habería que ver, engadiu, se ela existe no PDI. De resto, súmase ás reivindicacións de Ana Barxa sobre o día do orgullo LGTBI e o uso do galego.

O **secretario xeral** comprométese co profesor Sobrino Heredia a unha pronta solución do asunto do instituto universitario.

Así mesmo, o secretario xeral, no nome da profesora Fernanda Miguélez formula a seguinte pregunta:

“No borrador da acta da sesión do 31 de maio a profesora Álvarez Lata informa que o ITMATI xerou un millón de euros e que o reparto e a partes iguais entre as 3 universidades. Gustaríame saber como foi feito ese ingreso e como figura nos presupostos, si e un pago anual o hai varias anualidades, etc. Podo esperar a resposta na Comisión delegada de Asuntos Económicos, non ten que ser aquí, nin agora”.

O **vice-reitor de Profesorado e Planificación Docente**, a respecto da CEPREA, indica que hai que partir do acordo do 22/06/2015 e que, para contar de primeira man coa voz dos directores de departamento, se convocou unha reunión para a semana próxima. Indica que a única novidade é que o asunto será debatido no Claustro.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a sesión rematou ás 13:30 h, do que eu, como secretario, dou fe, co visto e prace do presidente.

Visto e prace

O secretario xeral

O presidente

Carlos Aymerich Cano

Julio Abalde Alonso



ANEXO

Texto lido por Manuela Pinazas na quenda aberta de intervencións no Consello de Goberno do 28/06/2016:

A Xunta de Persoal na súa reunión do 27/06/2016 **acordou por maioría rexeitar a proposta da Oferta de Emprego Público (OEP) de 2016** no que se refire ás prazas reservadas para quenda libre presentada pola Xerencia, porque:

- Cambia a filosofía dun xeito radical, xa que, cando se negociou o barrado das prazas era coa finalidade de que todas elas saísen a promoción interna seguindo o modelo da escala xeral.
- A reserva de prazas dos grupos máis altos para quenda libre supón un grave prexuízo para o persoal e a súa carreira profesional, sentando un perigoso precedente.
- Incumpre o acordado cando se negociou a OEP de 2015, en que se estableceu que na seguinte oferta as prazas serían todas de postos base da escala xeral.
- Incumpre o acordado para os promocións, xa que non se ofertan todas as prazas acordadas na escala de bibliotecas en 2016, e nas seguintes ofertas poderán reservar aquelas que máis lles interesen de calquera outra escala.
- Revela unha contradición da Xerencia, posto que as persoas que lle serven para ocupar postos en comisións de servizos non lle son válidas para obter o posto mediante concurso.
- Ademais, economicamente, non se sostén a proposta da Xerencia xa que supón un maior custo para a Universidade.